

No próximo concurso-oposición a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten a pretensión de remitir a todos os interinos e substitutos unha folla de servizos asinada polo subdirector xeral, que permita a valoración da experiencia docente na fase de concurso, evitando así a entrega dos nomeamentos e cesamentos de todos os centros nos que se prestou servizos.

Achégase folla de servizos provisional cos datos que obran no noso programa informático. Posto que o automatismo da información só se leva a cabo desde a implementación da aplicación informática de xestión das substitucións, pregamos que revise que a información que lle aportamos se corresponde coa que figura nos seus nomeamentos e ceses, e que nos confirme se é correcta ou nos propoña as modificacións oportunas. Neste último caso deberá acompañar á proposta, dirixida á Subdirección Xeral de Persoal, copia simple dos nomeamentos e cesamentos que pretende incorporar ou modificar na folla de servizos.

Na folla de servizos pode figurar nalgúns casos como destino a Delegación Provincial, o que implica que nos consta a prestación de servizos pero non o centro concreto no que se impartiron. Neste caso deberá aportarse o nomeamento para que fagamos constar o centro no programa de persoal.

Coa finalidade de que teñamos rematada a recollida de información e nos dea tempo a achegar a folla de servizos con carácter previo ao inicio do prazo de solicitudes do concurso-oposición, vémonos obrigados a dar un prazo breve de cinco días para que se nos remitan as propostas de modificacións coa documentación oportuna. A remisión farase directamente ou a través do centro educativo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Subdirección Xeral de Persoal, San Caetano, s/n, 15704.- Santiago de Compostela. De estar conforme coa folla de servizos provisional poderá comunicalo por Fax aos números 981-545484 ou 981-545420, ou por correo electrónico as seguintes direccións:

www.persoal.secundaria@edu.xunta.es

www.persoal.primaria@edu.xunta.es

A Administración incorporará, de oficio, os servizos prestados que resten ata o día de peche de presentación de solicitudes.

Para calquera consulta sobre o particular poderase chamar aos seguintes teléfonos de contacto:

Primaria: 981-545495; 981-544482

Secundaria: 981-545494; 981-545255

Aproveito para lembrarlle que toda a información relativa ao procedemento selectivo estará á súa disposición no seu momento no enderezo web www.edu.xunta.es

Reciba un cordial saúdo.

O SUBDIRECTOR XERAL DE PERSOAL



Asdo: José Luis Canosa Baldomir